

## **BASES ENTROIDO 2017**

### **O PORRIÑO**

#### **BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS A COMPARSAS POR PARTICIPACIÓN NA CELEBRACIÓN DO ENTROIDO 2017.**

As presentes bases que rexerán a convocatoria do desfile de comparsas estarán suxeitas á Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, RD. 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o regulamento da devandita lei e demais normativa de aplicación.

#### **BASES:**

##### **1.—Requisitos xerais :**

a) Neste desfile poderán inscribirse todas aquelas comparsas integradas por un mínimo de 10 compoñentes para optar ao premio por participación establecido para cada modalidade.

##### Modalidades:

— infantil: Ata 12 anos.

— Adultos: De 13 anos en diante.

— O maior número de compoñentes por idades definirá a modalidade da comparsa.

b) As inscricións presentaránse na primeira planta do Centro Cultural Municipal do Porriño, en impreso normalizado para esta finalidade.

Plazo: Dende o venres 10 de febreiro ata o día venres 17 de febreiro, en horario de 14:00 h. ata 18.30 h. o prazo de inscricións rematará unha vez chegado ao límite do orzamento destinado á organización do entroido. Terán preferencia sempre as comparsas e Anpas do Concello do Porriño que poderán formalizar a súa inscrición entre os días 10 e 14 de febreiro. As de fora do Concello contarán para facelo, dende o mércores 15 ata o venres 17, no mesmo horario.

As inscricións presentadas fora de dito orzamento, non poderán optar aos premios de participación.

c) Documentación necesaria e de carácter obrigatorio:

c.1) Fotocopia do CiF da asociación

c.2) Declaración responsable asinada polo presidente da Asociación de cumprimento das obrigas tributarias e fronte á seguridade social, según modelo facilitado de oficio.

c.3) Certificado orixinal de conta bancaria da asociación.

c.4) **Vehículos**: carnet de conducir, Itv actualizada, permiso de conducir y toda la documentación necesaria para completar el expediente de seguridad del mismo.

##### **2.—Obrigas para as comparsas:**

As comparsas que aspiren ao premio de participación teñen a **obriga de estar inscritas e participar nos desfiles de comparsas do sábado día 25 e martes día 28 de entroido, así como o mércores día 1 de cinza no acompañamento do enterro da sardiña. En canto ao TESTAMENTO do enterro da sardiña**, será redactado por dous componentes da cada comparsa participante, terá carácter obrigatorio e terá un prazo de ata o 20 de febreiro, (09h ata 14h) para ser presentado no Centro Cultural en horario de apertura do mesmo, presentarase en sobre pechado dirixido á Concellería de Festexos.

**FESTA NA PEONIL A PARTIR DAS 20H GRAN FESTA DO CARNAVAL NA RUA PEONIL**

##### **3.—Desenvolvemento dos desfiles:**

###### **3.1.—Entroido:**

O desfile das comparsas será o **sábado 25 de febrero ás 17h(Restaurante Castro )en primeiro lugar as COMPARSAS INFANTIS dende pavillón dos deportes, e de seguido as COMPARSAS DE ADULTOS baixada pola, R/Antonio Palacios, Domingo Bueno ata plaza de S. Sebastián e rematarán na Praza Arquitecto Antonio Palacios. O desfile do martes 28 ás 18h dende ^Praza san Sebastian ata Praza A. Palacios.**

**Todas aquelas comparsas que non sexan puntuais pasarán ao derradeiro posto sen perturbar a orden do desfile**

### **3.2.—Enterro da Sardiña:**

Celebrarase o velatorio ( de 17h ata 19h) o mércores de cinza o 01 de marzo con saída ás 19:00 h dende o Círculo Recreativo e Cultural con percorrido polas rúas Domingo Bueno e baixada pola Igrexia ata Praza do Arquitecto Antonio Palacios.

É obrigatoria a vestimenta de color negro ou morado rigurosos.

### **3.3.—Orden das comparsas:**

Desfilarán en primeiro lugar as comparsas infantís e de seguido o resto pola orde de inscrición prefixado pola organización.

Cada comparsa terá un distintivo co seu nome, número de orde e número de componentes. Será motivo de descalificación aquelas comparsas que non cumpran estas normas.

### **3.4.—Descalificacións:**

Serán motivos de descalificación: Aquelas comparsas con contidos indignos, obscenos ou blasfemos. o uso de petardos, sprays ou lanzamento de obxectos perigosos ao público así como o **uso de animais**.

### **4.—Comité de observación:**

Este comité terá competencias para a valoración das inscricións realizadas polas asociacións, cumprimento da documentación esixida, desenvolvemento dos desfiles, descalificacións e asignación de premios. o fallo emitido por este Comité adoptará a forma de proposta , resolvéndose mediante resolución pola Alcaldesa- Presidenta.

### **5.—Premios:**

#### **5.1.—Tipos:**

a) Por N<sup>o</sup> de compoñentes:

#### ADULTOS:

De 10 a 19 compoñentes..... 300,00 €

De 20 a 39 compoñentes..... 500,00 €

De 40 a 55 compoñentes..... 800,00 €

De 56 en diante..... 1000,00 €

#### INFANTIS:

De 10 a 19 compoñentes..... 300,00 €

De 20 a 39 compoñentes..... 500,00 €

De 40 a 55 compoñentes..... 800,00 €

De 56 en diante..... 1000,00 €

**5.2.**—A cantidade a repartir por premios acadará un orzamento máximo de **20.000 euros** con cargo á aplicación orzamentaria 338.48100. o premio á participación según n<sup>o</sup> de compoñentes repartirase ata acadar esta cifra e por riguroso orden de inscrición. As comparsas que desexen participar no entroido fora do orzamento, poderán inscribirse sen opción a premio de participación.

**6.**—O feito de participar supón a plena aceptación das presentes bases. o incumprimento de calquera das presentes cláusulas dará lugar á perda do dereito de cobro dos premios.

**7.**—A organización por motivo de choiva poderá variar o percorrido do martes 28 de febreiro que, neste caso, saldría dende a plaza San Sebastián.

**8.**—Estas bases serán publicadas en medios de comunicación para xeral coñecemento.

No Porriño a 09 de febreiro de 2017

A Alcaldesa

Secretario Municipal